

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**17017** *Real decreto 1387/2011, do 14 de outubro, polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, permitiron, mediante diferentes fórmulas, a colaboración entre transportistas para a explotación dos servizos regulares permanentes de viaxeiros de uso xeral.

Neste sentido, o artigo 85 do mencionado regulamento permite, por vía de reforzo, que os concesionarios poidan utilizar vehículos non adscritos á concesión para facer fronte a intensificacións de tráfico, xa sexan estes deles mesmos ou que obteñan por vía de colaboración doutros transportistas.

Doutra banda, o artigo 90 do regulamento en cuestión, con base, pola súa vez, no punto terceiro do artigo 77 da Lei 16/1987, de ordenación dos transportes terrestres, permitiu unha colaboración máis estable entre concesionarios, consistente na utilización dun mesmo vehículo para servir conxuntamente os tráxicos de dúas ou máis concesións de transporte regular, que presenten puntos de contacto, sen solución de continuidade.

Razóns de produtividade empresarial e mellora da calidade das prestacións que o usuario recibe do conxunto da rede de transporte regular aconsellan, agora, avanzar aínda máis na colaboración na explotación dos servizos que a integran, permitindo que as expedicións dun servizo poidan atender os tráxicos doutro, e viceversa, recollendo e deixando viaxeiros nas paradas que teñan en común naqueles tramos en que os seus itinerarios sexan coincidentes.

En consecuencia, engádese un artigo 90 bis ao mencionado real decreto, establecendo esta nova forma de colaboración.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

Engádese un novo artigo 90 bis ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, co seguinte contido:

«Artigo 90 bis.

1. A Dirección Xeral de Transporte Terrestre poderá autorizar que as expedicións correspondentes a unha concesión atendan tráxicos doutra, recollendo e deixando viaxeiros nas paradas que teña en común con esta naqueles tramos en que os itinerarios de ambas sexan coincidentes, sempre que resulte acreditado o acordo entre os respectivos concesionarios, que deberán solicitalo conxuntamente.

2. No outorgamento da autorización a que se refire este artigo e na explotación dos servizos realizados ao seu abeiro, deberán ter en conta idénticas regras ás sinaladas nos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 90 e no artigo 91, en canto non resulte contrario ao disposto no punto anterior.»

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ